

CONTROL SOCIAIS- TEMA 7- DESCUBRINDO A NOSA HISTORIA

Escribe no recadro a LETRA correcta

1. Cal é a función da historia? ☐
 - a. Investigar e descubrir como vivían as persoas doutras épocas
 - b. Descubrir xacementos arqueolóxicos
 - c. Crear libros sobre a Historia de España
2. Que son as fontes históricas? ☐
 - a. Os libros da Idade Media
 - b. As testemuñas do pasado
 - c. As construcións antigas, exclusivamente
3. Que feito marca o principio da Historia e o final da Prehistoria? ☐
 - a. A aparición da escritura
 - b. A aparición da imprenta
 - c. O descubrimento de América
4. Como se creou o Alfabeto? ☐
 - a. A través da codificación de sons
 - b. A través de escribir en papiro
 - c. Pasando a limpo o que se aparecía nas pedras pero agora en pergamiños
5. Cal é a afirmación correcta? ☐
 - a. O alfabeto apareceu no ano 150 a.C en Grecia
 - b. O alfabeto foi obra dos romanos
 - c. O alfabeto xurdiu en Oriente medio
6. Quenes eran os escribas? ☐
 - a. As persoas que descubriron o alfabeto
 - b. As persoas que escribían na pedra
 - c. Funcionarios estatais que escribían os documentos que en parte chegaron ata os nosos días
7. Que teñen en común un bo detective e un bo historiador? ☐
 - a. Seguir as pistas dunha maneira axeitada
 - b. Ter moitos contactos que che axuden a atopala información desexada
 - c. Ter un bo instinto para o teu traballo.
8. Completa a seguinte frase: é imposible entender unha sociedade se non coñecemos o seu sistema de política, a súa..... ou as súas manifestacións..... ☐
 - a. Organización, economía, culturais
 - b. Política, economía, culturais
 - c. Goberno, edificios, culturais

9. As fontes históricas poden clasificarse en: ☐
- a. Fontes físicas e fontes escritas
 - b. Fontes escritas e fontes artísticas
 - c. Fontes escritas e fontes orais
10. As primeiras fontes escritas se fixeron sobre: ☐
- a. Pergamiños e papiros
 - b. Tabliñas de arxila
 - c. Papel reciclado
11. O papiro é: ☐
- a. Unha pranta que sacan do Río Nilo
 - b. Papel que sacan das follas da árbore do Nilo
 - c. Unha planta que orixinaríamete estaba en España
12. O pergamiño está feito: ☐
- a. Dunha planta
 - b. Dunha árbore
 - c. Da pel dun animal
13. Nada mais apareceu o papel: ☐
- a. Difundiuse moi rápido por Occidente
 - b. Non chegou a Occidente ata a chegada da imprenta
 - c. Tardou moito en difundirse por Occidente
14. Se miña avoa conta unha lenda a miña nai, e despois miña nai ma conta a min, está usando unha fonte histórica de tipo: ☐
- a. Material
 - b. Oral
 - c. Escrita
15. Se ti como historiador vas a unha biblioteca para informarte para a creación dun libro que estás a escribir, estás usando: ☐
- a. Unha fonte primaria
 - b. Unha fonte secundaria
 - c. Unha fonte primaria e secundaria
16. Que é a Historia? ☐
- a. É a ciencia que se ocupa do estudio do pasado?
 - b. É a Ciencia que se ocupa do estudio do futuro?
 - c. É a Ciencia que se ocupa do estudio do presente?
17. Cantas eras hai na historia do noso país? ☐
- a. Unha
 - b. Dúas
 - c. Tres

18. Cantos séculos hai en 1200 anos? ☐
- a. 11
 - b. 13
 - c. 12
19. 1, 5, 10 son números: ☐
- a. Romanos
 - b. Árabigos
 - c. Gregos
20. Cantos lustros hai en 35 anos? ☐
- a. 5
 - b. 6
 - c. 7
21. Cantos días hai en tres anos? ☐
- a. 1.095
 - b. 808
 - c. 100
22. Se vivo no ano 2340, en qué século vivo? ☐
- a. No XXII
 - b. No XXIII
 - c. No XIV
23. Meu avó naceu no ano 1900, en que século naceu polo tanto? ☐
- a. No XIX
 - b. No XX
 - c. No XXI
- ☐
24. Se meu pai naceu no ano 1989, a que década pertence? ☐
- a. A dos oitenta
 - b. A dos noventa
 - c. A dos dezanove
25. A que se denomina "Xeración"? ☐
- a. A un conxunto de persoas nadas ao redor da mesma data
 - b. A un conxunto de fósiles da mesma época
 - c. A un conxunto de monumentos da mesma época
26. Hai dúas xeración literarias moi famosos, cales son? ☐
- a. A do 98 e o 37
 - b. A do 37 e o 48
 - c. A do 27 e o 98

27. Como se chama a Ciencia que ordea temporalmente os feitos históricos? ☐
- a. Historia
 - b. Paleografía
 - c. Cronoloxía
28. Que dúas ciencias se ocupan do estudo da Prehistoria? ☐
- a. A Arqueoloxía e a Historia
 - b. A Bioloxía e a Paleontoloxía
 - c. A Paleontoloxía e a Arqueoloxía.
 - d.
29. A Prehistoria dividise en tres etapas segundo qué criterio? ☐
- a. O tipo de homes e mulleres que alí vivían
 - b. O material co que fabricaban os seus utensilios
 - c. Os lugares onde habitaban
30. Cando aparecen as primeiras manifestacións artísticas? ☐
- a. No Paleolítico Superior
 - b. No Paleolítico Inferior
 - c. No Paleolítico Medio
31. Que afirmación non é correcta? ☐
- a. No Paleolítico Inferior fabricaban os seus propios utensilios
 - b. No Paleolítico Inferior aprenderon a usar o lume
 - c. No Paleolítico Inferior perfeccionaron o traballo na pedra
32. Cando aparece a agricultura e a gandería? ☐
- a. No Paleolítico Superior
 - b. Na Idade dos metais
 - c. No Neolítico
33. Os poboados Neolíticos eran: ☐
- a. Nómadas
 - b. Sedentarios
 - c. Sedentarios e nómadas, dependendo da estación do ano na que estivesen.
34. A etapa da Historia na que nos vivimos no ano 2021 chámase... ☐
- a. Idade Contemporánea
 - b. Idade Media
 - c. Idade Moderna
35. En que ano tivo lugar a Revolución Francesa? ☐
- a. 1788
 - b. 879
 - c. 1879

36. Que idade comeza coa Revolución Francesa? ☐
- a. Idade Contemporánea
 - b. Idade Media
 - c. Idade Moderna
37. No feudalismo: ☐
- a. Os vasallos tiñan unha terras en propiedade e o señor feudal lle cobraba os impostos
 - b. Os vasallos traballaban nas terras do señor feudal a cambio de casa e comida; sen salario
 - c. Os vasallos podían a ser señores feudais, se lle facían a pelota ao xefe
38. Cando aparecen os primeiros documentos escritos? ☐
- a. Na Idade Media
 - b. Na Prehistoria
 - c. Na Idade Antiga
39. Na Idade Antiga houbo grandes civilizacións como Mesopotamia, Exipto, Grecia e... ☐
- a. España
 - b. Reino Unido
 - c. Roma
40. A idade Moderna comeza no 1492 co..... ☐
- a. Descubrimento de América do Norte
 - b. Descubrimento de América
 - c. Descubrimento de América do Sur
41. Que son os arquivos? ☐
- a. Lugares que gardan e custodian a documentación doutras épocas
 - b. Lugares onde soamente se gardan libros do pasado
 - c. Museos
42. Grazas a que Ciencia avanzaron e evolucionaron moito os Arquivos? ☐
- a. A Historia
 - b. A Xeografía
 - c. A Informática
43. **Escribe a palabra que corresponde a cada definición:**
- a. Lugar onde se gardan, ordenan e clasifican diferentes tipos de publicacións periódicas: xornais, revistas, etc...
 - b. Lugar onde se gardan, ordenan e conservan películas
 - c. Persoa que se encarga do estudo do pasado